

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 28 DE MAIO DO 2026.**

ASISTENTES:

Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE Membros que asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Vinte e oito de Maio do Dous mil vinte e seis, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 21/05/2026

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202605/325

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 19/05/2026. DECRETO: "RESOLUCIÓN DE INICIO PARA LA CELEBRACIÓN DEL CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA LA CONTRATACIÓN DEL SUMINISTRO DE ELECTRICIDAD EN ALTA Y BAJA TENSIÓN A TRAVÉS DE LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202605/417

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 21/05/2026. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO MENOR DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DEL PAVIMENTO DEL CARRIL BICI DEL PASEO DEL TOURO” (PSTD-PRTR)”

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202605/421

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 21/05/2026. DECRETO: “APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PARQUE INFANTIL NA PRAIA DE COROSO”

5.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Elisa Petrovich Díaz

Visto o escrito presentado por **Elisa Petrovich Díaz**, de data 26/05/2026 (Registro de entrada nº 12.380), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Comida – 7,00 m.), o día 29/05/2026, na Praza de España (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Elisa Petrovich Díaz** para a instalación dun posto de venda ambulante (Comida – 7,00 m.), o día 29/05/2026, na Praza de España (Ribeira).
- Antes do inicio da actividade deberá proceder ao pago das correspondentes taxas municipais.**
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – José Antonio Estéfano Costa

Visto o escrito presentado por **José Antonio Estéfano Costa**, de data 26/05/2026 (Registro de entrada nº 12.383), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (---), o día 29/05/2026, na Praza de España (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- a) **Autorizar** a **José Antonio Estéfano Costa** para a instalación dun posto de venda ambulante (---), o día 29/05/2026, na Praza de España (Ribeira).
- b) **Antes do inicio da actividade deberá proceder ao pago das correspondentes taxas municipais.**
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- d) **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Manuel Petrovich Díaz

Visto o escrito presentado por **Manuel Petrovich Díaz**, de data 26/05/2026 (Registro de entrada nº 12.391), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos – 3,00 m. x 2,00 m.), o día 29/05/2026, na Praza de España (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a **Manuel Petrovich Díaz** para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos – 3,00 m. x 2,00 m.), o día 29/05/2026, na Praza de España (Ribeira).
- b) **Antes do inicio da actividade deberá proceder ao pago das correspondentes taxas municipais.**
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- d) **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Jasmín González Gutiérrez (1)

Visto o escrito presentado por **Jasmín González Gutiérrez**, de data 27/05/2026 (Registro de entrada nº 12.469), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos – 6,00 m.), o día 29/05/2026, no Parque García Bayón (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a **Jasmín González Gutiérrez** para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos – 6,00 m.), o día 29/05/2026, na **PRAZA DE ESPAÑA** (Ribeira).
- b) **Antes do inicio da actividade deberá proceder ao pago das correspondentes taxas municipais.**
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).



- d) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE – Sara Miraz Díaz

VISTO o expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA RESTAURANTE** (epígrafe IAE 673.2), no lugar de RÚA SÁLVORA, Nº 77, AGUIÑO, RIBEIRA e do que é promotora **Dna. SARA MIRAZ DIAZ, DNI Nº ***513***** (anterior titular: **ANTONIO TORRES SAMPEDRO**-propietario do local-, EXP LICENZA APERTURA, acordo Xunta de Goberno Local de data 19/04/2012).

VISTO o informe favorable emitido polo **arquitecto técnico municipal** o día **21 de abril de 2026**.

VISTO o informe favorable emitido polo **técnico de administración xeral adscrito ao departamento de urbanismo** con data **19 de maio de 2026**.

VISTO o informe favorable emitido polo **secretario xeral da Corporación** con data **19 de maio de 2026**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña,

CONSIDERNADO que de conformidade co establecido na Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza, e en cumprimento do disposto no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polo que a Xunta de Goberno Local, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO:-INFORMAR FAVORABLEMENTE sobre a **TOMA DE COÑECEMENTO** do **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE** para **CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE PARA RESTAURANTE** (epígrafe IAE 673.2), no lugar de RÚA SÁLVORA, Nº 77, AGUIÑO, RIBEIRA e do que é promotora **Dna. SARA MIRAZ DIAZ, DNI Nº ***513***** (anterior titular: **ANTONIO TORRES SAMPEDRO**-propietario do local-, EXP LICENZA APERTURA, acordo Xunta de Goberno Local de data 19/04/2012).

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:



- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

SEXTO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9399 22.04.2026 MARIA DOLORES ARIAS PAZ, arranxo de fachada, na rúa do Norte, 149, Palmeira. (2026 comu000164)

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

10278 03.05.2026 ALEJANDRA NOVO GÓMEZ, cambio de tellado, na rúa Pedriña, nº 18, Palmeira. (2026 COMU000180)



12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

10331 04.05.2026 ANDRES TEIRA ARNOSO, cierre en Insuela, Palmeira. (2026 COMU000179)

Así mesmo, se lle informa que, segundo o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 25/05/2026, na súa conclusión e proposta indica que:

** A ALTURA MÁXIMA DA PARTE OPACA EN CASO DE PEDRA SERÁ DE 1,5 METROS, E PÓDESE SUPERAR ESTA MEDIDA CON ELEMENTOS DIÁFANOS EN 1 METRO*

** Antes de empezar os traballos avisarase o servizo de urbanismo – Delineación para que comproben a alineación.*

** Según o Artigo 89: Viario e alienacións..... Alienacións mínimas: Cando non figuren nos planos de ordenación serán as seguintes:*

- Para vías de tipo I 10 m. o eixo.

- Para vías de tipo II 8 m. o eixo..

- Para vías de tipo III 6 m. o eixo.

- Para resto de vías 4 m. o eixo.

- Para camiños peonís 2 m. o eixo.

Estas alienacións tendrán carácter obrigatorio.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

6584 20.03.2026 MARIA ISOLINA RODRÍGUEZ CERNADAS, sustitución de fiestras, na Avda. da Coruña, 77-1-M, Ribeira. (2026 COMU000083)

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

7842 06.04.2026 C.P. EDIF. 9 DE AGOSTO 46, impermeabilización de fachada e cambio de cuberta, na rúa Xosé Ramón Barreiro, 1, Ribeira. (2026 COMU000114)



15.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE BRETAL, OLVEIRA, RIBEIRA. PROMOTOR: RAQUEL SOTO PÉREZ/JUAN JOSÉ SUÁREZ GARCÍA

VISTA a solicitude de licenza urbanística de obra maior **-PROXECTO DE EXECUCIÓN-** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR**, no lugar de **BRETAL, OLVEIRA, RIBEIRA**, da que son promotores **DNA. RAQUEL SOTO PÉREZ/D. JUAN JOSÉ SUÁREZ GARCÍA**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital o día **11 de marzo de 2026**

VISTO o **informe xurídico** emitido con data **8 de maio de 2026** polo **técnico de administración xeral** adscrito ao Departamento Municipal de Urbanismo

VISTO o **informe** emitido con data **8 de maio de 2026** polo **secretario xeral da Corporación** ao abeiro do disposto no artigo art. 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional

Considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- **CONCEDER** a **DNA. RAQUEL SOTO PÉREZ/D. JUAN JOSÉ SUÁREZ GARCÍA** licenza de obra maior **-PROXECTO DE EXECUCIÓN-** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR**, no lugar de **BRETAL, OLVEIRA, RIBEIRA**, según Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data na data 5 de marzo de 2026 redactados polo arquitecto Sr. Amancio Losada Vicente así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 4 de marzo de 2026.

*-Deberá adaptarse ó resto das **indicacións técnicas** postas de manifesto no **informe do arquitecto municipal de data 11 de marzo de 2026**.*

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a



efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de Eficiencia Enerxética.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.



- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e



habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

16.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN FIANZA/AVAL – Alberto Miguel Patiño Romay (Heredeiros)

Visto o escrito presentado por Rubén Lema Patiño en representación de **Alberto Miguel Patiño Romay**, de data 13/03/2026 (Rexistro de entrada nº 5.989), no que solicita a devolución de fianza/aval depositada como garantía de obras de urbanización e instalacións en Lugar Pedra do Pino, nº 39, Corrubedo (Ribeira). Expediente 2026 DAVA000002 - Licenza de obra 629/98.

Visto o informe desfavorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía landeira Pereira, de data 05/05/2026, no que sinala:

“Persoados os Servizos Técnicos Municipais no lugar enriba mencionado, púdose comprobar que as obras contempladas na valoración realizada polo Enxeñeiro Municipal, Manuel A. Pérez Piñó, na data dezoito de decembro de 1998, por un importe de 149.176 ptas, NON FORON EXECUTADAS.”

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Denegar a devolución da fianza/aval depositada por **Alberto Miguel Patiño Romay (Agora heredeiros de Alberto Miguel Patiño Romay)** como garantía de obras de urbanización e instalacións en Lugar Pedra do Pino, nº 39, Corrubedo (Ribeira) - Licenza de obra 629/98, pola razón argumentadas no citado informe da Enxeñeira Municipal. Neste caso, debido a que as obras de urbanización e instalacións en Lugar Pedra do Pino, nº 39, Corrubedo (Ribeira) - Licenza de obra 629/98 – non foron executadas.

17.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN FIANZA/AVAL – Juan Manuel Lema Ageitos

Visto o escrito presentado por **Juan Manuel Lema Ageitos**, de data 13/03/2026 (Rexistro de entrada nº 5.988), no que solicita a devolución de fianza/aval depositada como garantía de obras de urbanización e instalacións en Lugar Pedra do Pino, nº 37, Corrubedo (Ribeira). Expediente 2026 DAVA000003 - Licenza de obra 627/98.

Visto o informe desfavorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía landeira Pereira, de data 05/05/2026, no que sinala:

“Persoados os Servizos Técnicos Municipais no lugar enriba mencionado, púdose comprobar que as obras contempladas na valoración realizada polo Enxeñeiro Municipal, Manuel A. Pérez Piñó, na data dezoito de decembro de 1998, por un importe de 149.176 ptas, NON FORON EXECUTADAS.”

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Denegar a devolución da fianza/aval depositada por **Juan Manuel Lema Ageitos** como



garantía de obras de urbanización e instalacións en Lugar Pedra do Pino, nº 37, Corrubedo (Ribeira) - Licenza de obra 627/98, pola razón argumentadas no citado informe da Enxeñeira Municipal. Neste caso, debido a que as obras de urbanización e instalacións en Lugar Pedra do Pino, nº 37, Corrubedo (Ribeira) - Licenza de obra 627/98 – non foron executadas.

18.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Fernando Casas Iglesias

Visto o escrito presentado por **Fernando Casas Iglesias**, de data 19/05/2026 (Rexistro de entrada nº 11.780), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A039000010000KX.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 20/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600011780 do día 19 de maio de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A039000010000KX, no seu plano 3.4 de Clasificación e cualificación do solo y aliñacións en núcleos urbanos, a escala 1/2.000; coma solo urbano dotacional outros; modificada segundo a modificación puntual aprobada definitivamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través da Orde de data 2 de marzo de 2020 (DOG nº 68 de 7 de abril de 2020 e inscrito no Rexistro de Planeamento da Xunta de data de 08.04.2020) o expediente de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira na Ordenanza 8.3 dotacional e de equipamentos, faise público o documento que contén a Normativa e as Ordenanzas da citada modificación no BOP de A Coruña, tal e como establece o artigo 82 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en relación co art. 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local..

As condicións desta Ordenanza son:



Tratase dunha ordenanza que regula as condicións da edificación dotacional que ten que ser utilizada con fins diversos. Dado que estas actividades poden ter características moi diversas, podendo formar grandes complexos de

proxecto unitario, ou polo contrario, ser a xustaposición de varios edificios especializados independentes, a norma zonal queda redactada en termos de grande flexibilidade con obxecto de amoldarse á capacidade de iniciativa e inversión. Ademais esta ordenanza pretende garantir a permanencia das edificacións existentes, con posibilidade de ser reformadas ou ampliadas para a súa adecuación ás futuras necesidades e esixencias.

Ámbito:

O ámbito de aplicación é o das zonas grafadas e tramadas para este obxecto no Plano de Zonificación.

Réxime urbanístico e obtención:

As parcelas cualificadas coma equipamento non poderán destinarse a outra finalidade urbanística.

A pesar do anterior, o solo cualificado como equipamento poderá ser utilizado como espazo libre ou coma aparcamento ao aire libre en tanto non se destine ao seu fin concreto.

Ademais, os equipamentos públicos poderán substituír o uso previsto polo planeamento por outro uso dotacional público ou poderán destinarse a incrementar as zonas verdes e espazos libres públicos do municipio polo procedemento previsto legalmente.

Os terreos de titularidade privada que o planeamento destina a equipamento público obteranse polos sistemas determinados na lexislación urbanística vixente.

Obras admisibles:

En xeral, as obras de nova planta se admiten cumprindo as condicións que se establecen nas presentes Normas Urbanísticas, cas excepcións que se admitan.

En canto ás edificacións existentes, o Plan Xeral respecta os equipamentos públicos existentes. Neles son admisibles tanto as obras de ampliación así coma todo tipo de obras sobre os edificios existentes (demolición, reforma, etc.) así coma os cambios de uso para outro uso dotacional público distinto polo procedemento legalmente establecido.

Non obstante, as ampliacións dos equipamentos públicos existentes deberán cumprir os parámetros da edificación que determina esta ordenanza, cas excepcións que se admitan. Todo isto sen prexuízo da lexislación sectorial de aplicación en cada caso.

O réxime de obras admisibles e usos nos equipamentos privados existentes é o mesmo que para o resto das edificacións existentes.

En todo caso, os usos dotacionais que se desenvolvan sobre bens protexidos ou no seu entorno de protección ficarán suxeitos ao réxime de protección correspondente, ao igual cas obras admisibles nos mesmos.

Usos globais. Característicos. Compatibles e Prohibidos:

O uso global é o de dotacional de equipamentos.

O uso pormenorizado característico é o de dotacional de equipamento docente, socio cultural, administrativo, sanitario e deportivo.

En xeral, quedan prohibidos expresamente os usos industriais, terciario e residencial. Sen embargo, ademais do uso característico principal se poderá dispoñer calquera outro complementario que coadyuve aos fins dotacionais previstos, e que teña unha relación de dependencia directa do uso principal característico, con limitación no uso residencial xa que soamente poderá dispoñer dunha vivenda destinada a quen custodie o equipamento.

O uso dos equipamentos que se empracen nos solos afectados por todas as determinacións da lexislación de costas teñen as limitacións nela establecidas con respecto ao seu uso e dominio.

Tipoloxías edificatorias: En xeral, a tipoloxía edificatoria para esta zona é a de edificación en volume illado, con flexibilidade para a súa adaptación ás características específicas de cada edificio. Así mesmo se pretende conseguir unha edificación que quede rodeada de zonas peonís axardinadas que permitan unha gran permeabilidade de vistas e relacións entre edificios.

Sen embargo, segundo o caso, poderá considerarse conveniente que os equipamentos se adapten ao tipo de ordenación da zona onde se encadran, adoptando as condicións de composición urbanística



acordes ca mesma, mantendo as aliñacións, liñas de edificación, liñas de cornisa, etc. das parcelas colindantes, de ser o caso (ou das mazás colindantes), ocultando medianeiras existentes ou futuras, etc.

En caso de medianeira existente nos lindeiros laterais, o Concello poderá considerar a necesidade de acaroar o equipamento a ela co fin de oculta-la, total ou parcialmente, na medida do posible e reducir o seu impacto negativo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

Xeneralidades: En xeral serán de aplicación as condicións de edificación que se pormenorizan a continuación.

Sen embargo, en solo urbano os equipamentos públicos poderán exceder a altura máxima, a ocupación e reducir os recuados e o número de prazas de aparcamento en virtude das necesidades específicas do equipamento, da súa singularidade e/ou das características da parcela sobre a que se ubique, sempre que se xustifique convenientemente no proxecto.

Condicións da parcela e parcela mínima: A grafada no Plan Xeral. No planeamento de desenvolvemento se considerará parcela mínima en solo urbano a de 500 m².

Condicións de ocupación:

A ocupación máxima da parcela será do 75%, ca excepción de parcelas ubicadas entre outras con ordenacións de edificación aliñada ou de edificación entre medianeiras ou acaroadas e limitadas polo fondo de edificación, en cuxo caso o Concello poderá considerar conveniente que a ocupación quede limitada polo fondo máximo de edificación. En planta soto poderá ocuparse o 85% da superficie da parcela sempre que esta planta quede oculta na súa totalidade baixo a rasante da parcela.

Posición. Recuados e Fondo máximo:

A liña de edificación (ou aliñación interior) poderá situarse na aliñación oficial exterior ou recuarse desta. O Concello poderá considerar a conveniencia duna posición ou outra segundo as necesidades propias do equipamento e as ordenacións das parcelas ou mazás colindantes ca parcela dotacional.

En xeral, a posición da edificación distará dos lindes laterais e posterior de parcela unha distancia ou recuado igual a 1/2 da altura da edificación, excepto ca parcela dotacional se encontre ubicada entre outras con ordenacións de edificación entre medianeiras ou acaroadas, en cuxo caso o Concello poderá valorar a conveniencia de que o equipamento se acaroe total ou parcialmente ao linde.

En caso de medianeira existente nos lindes laterais o Concello poderá considerar a conveniencia de acaroar o equipamento a ela ca finalidade de oculta-la, total ou parcialmente, na medida do posible e reducir o seu impacto negativo.

Só se establece fondo máximo cando o Concello o considere conveniente no caso de que a parcela se ubique entre outras con ordenacións de edificación aliñada ou de edificación entre medianeiras ou acaroadas cuxo fondo estea limitado pola correspondente ordenanza de aplicación.

Condicións de volume: O volume da construción non está suxeito a ningunha outra determinación que a de cumprir o resto dos parámetros da edificación.

Edificabilidade:

A edificabilidade máxima é de 1 m²/m², excepto no caso de equipamentos públicos nos que non se limita este parámetro.

Altura da edificación:

En xeral, as alturas máximas dispostas neste punto non poderán ser superadas mais que por elementos puntuais no caso de edificios singulares.

As alturas máximas serán as indicadas a continuación, excepto que a parcela dotacional se encontre ubicada entre outras con ordenacións de edificación aliñada ou de edificación entre medianeiras ou acaroadas, en cuxo caso o Concello poderá considerar a conveniencia de que a edificación dotacional manteña as alturas de cornisa e coroación das edificacións colindantes, total ou parcialmente, na medida do posible.



Número de plantas: o número máximo de plantas será o de 3 plantas medidas desde a rasante do terreo en contacto ca edificación.

Altura da cornisa: a máxima altura de cornisa será de 10 m. medida desde a rasante do terreo mais desfavorable e de 4 m. no de campings.

Altura de coroación: A altura de coroación máxima será a de 15 m. medidos desde a rasante do terreo mais desfavorable e de 7 m. no de campings.

Elementos arquitectónicos:

Non se computarán a efectos de edificabilidade a planta única baixo cuberta que quede por encima da altura de cornisa e dentro dos panos de cuberta que, arrancando da liña de cornisa, formen unha pendente máxima de 30 grados, nin os soportais ou porches abertos.

Os voos se axustarán ás condicións xerais de edificación definidas no artigo 91, e cunha ocupación máxima do 80% da superficie da fachada, excluída a correspondente á planta baixa.

Peches de parcelas:

O seu deseño deberá garantir a súa armonía ca paisaxe, debendo presentar ademais unha imaxe unitaria e un tratamento de calidade a nivel de deseño, acabado, cores e materiais acorde co entorno urbano no que se empraza. Só se permitirá o peche das parcelas con peches diáfanos ou con peches vexetais debendo ficar convenientemente pavimentado e axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindes da parcela, excepto instalacións que precisen doutro tipo de peche polo seu uso. Non se limita a altura máxima dos elementos de peche, debendo, en todo caso, ser a mínima precisa en función do seu uso e da súa mellor integración e congruencia co propio espazo dotacional e co seu entorno.

Usos e urbanización dos espazos libres de parcela:

Os espazos libres de parcela serán tratados e axardinados convenientemente, debendo reflectirse detalladamente o seu tratamento e usos no proxecto do edificio correspondente.

Deberán preservarse, na medida do posible, os exemplares vexetais existentes, sobre todo os de gran porte e os de especies autóctonas. Deste modo, en algúns casos isto poderá ser un condicionante clave para o emprazamento da edificación e a ordenación dos usos sobre a parcela.

Os espazos libres de edificación se destinarán a resolver as necesidades de aparcamento, de acceso rodado e, en xeral, de espazos axardinados ou peonís.

Nas zonas axardinadas, para cubrir as necesidades de terra vexetal, é convinte reservar a capa de terra vexetal procedente da roza inicial da parcela. Non convén abusar do uso do céspede, procurando o uso de especies tapizantes que precisen menos coidados e mantemento. Se empregarán sistemas de rego de baixo consumo e se incorporarán sensores de humidade. Se estudiará a posibilidade de empregar sistemas de reutilización de augas grises ou de almacenamento da auga da chuvia.

Nos espazos libres que se destinen a aparcamento en superficie non se admitirán mais obras que as de pavimentación, debendo facer compatible o uso de aparcamento co arborado. A localización dos aparcamentos dentro da parcela se seleccionará con criterios paisaxísticos e, en todo caso, de tal modo que se integren na paisaxe.

En relación cas TDUS (técnicas de drenaxe urbana sostible), se procurará empregar pavimentos drenantes en toda a superficie do espazo libre e, en todo caso, como mínimo no 15 % da superficie da parcela, salvo aqueles casos excepcionais nos que se permiten exceder as condicións de ocupación establecidas con carácter xeral.

En canto á iluminación dos espazos libres de parcela, nos proxectos que definan a urbanización dos espazos libres de parcela se incluírá un capítulo que xustifique expresamente o Real Decreto 1890/2008, de 14 de novembro, polo que se aproba o "Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumado exterior e as súas Instrucións

técnicas complementarias EA-01 a EA-07", ou normativa que o substitúa.

Condicións ambientais e estéticas:



Os proxectos que definan a nova construción de equipamentos conterán a ordenación integral de toda a parcela sobre a que se ubicará a edificación, tanto dos espazos edificadas como dos peches e dos espazos non edificadas, podendo contemplar a execución de todas as actuacións previstas en varias fases de execución.

A edificación non estará suxeita a ningunha forma ou condición predeterminada, quedando libre para resolver o seu programa con toda liberdade; non obstante se recorda que a intención é a de conseguir un complexo con zonas axardinadas, cando as circunstancias da parcela e o seu entorno o permitan. Se dará a maior importancia ao axardinamento dos espazos libres y ao tratamento das zonas peonís con obxecto de establecer espazos de relación entre edificios e co medio.

En xeral, tanto as obras de urbanización necesarias nas parcelas como os volumes de edificación que se realicen evitarán producir impactos ambientais e paisaxísticos negativos.

Deberán preverse as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da edificación sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a mellor protección da paisaxe, así coma a preservación do patrimonio cultural e a singularidade tipolóxica da zona, de ser o caso.

As construcións e actividades se implantarán sobre o terreo adaptándose no posible á topografía existente.

En todo caso, debe quedar garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe.

Previo ao comezo das obras se debe retirar o substrato edáfico (terra vexetal) para a súa posterior utilización en tarefas de restauración e revexetación de aquelas áreas alteradas. O resto da terra procedente de desmontes se utilizará para recheo de bancais, no seu caso. No caso de non ser adecuada ou necesaria para elo, se retirará a vertedoiro controlado.

Cando, por razóns xustificadas, fose necesaria a creación de noiros, estes deberán ser proxectados de forma tal que no degraden a paisaxe, procurando así mesmo a súa revexetación e consolidación vexetal, o que tamén redundará na súa estabilidade.

Así mesmo, o deseño dos volumes edificatorios e dos materiais e texturas das fachadas e cubertas das construcións e dos peches e elementos vexetais deberá garantir que o resultado final teña o menor impacto posible sobre a paisaxe. Os equipamentos deberán dispoñerse sobre a parcela de forma tal que o solo ocupado pola edificación se integre na ordenación urbana, completando os espazos libres co acondicionamento adecuado que facilite a incorporación á paisaxe urbana.

O Concello poderá considerar conveniente que os proxectos que definan obras sobre edificacións existentes destinadas a equipamentos conteñan as obras de demolición de aqueles engadidos e/ou edificacións auxiliares que desvirtúen a tipoloxía, forma e volume de calquera edificación primitiva ou que polos seus materiais ou outros motivos supoñan un efecto distorsionador para a armonía e estética do conxunto edificatorio.

Infraestruturas de telecomunicacións:

Procurarase que os novos equipamentos, tanto públicos como privados, se constrúan co seu respectivo proxecto de telecomunicacións.

Normativa sectorial:

Os edificios cumprirán as normativas sectoriais que se teñan redactado a estes efectos.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela encóntrase afectada polo paso dunha liña eléctrica aérea, e en consecuencia deberá separar calquera actuación construtiva a franxa esixida regulamentariamente, segundo a normativa existente.

Encóntrase dentro da zona de afección da estrada AC-550, polo que calquera actuación construtiva estará condicionada ás condicións impostas polo titular da vía (Axencia Galega de Infraestruturas).



19.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Dominga Enríquez Enríquez

Visto o escrito presentado por **Dominga Enríquez Enríquez**, de data 21/05/2026 (Registro de entrada nº 12.033), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A026004860000KM.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 26/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

2. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

3. CONSIDERACIÓNS

3.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

3.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A026004860000KM, nos seus planos 8.41. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (Transporto), a escala E:1/2000, e 2.18 de Ordenación Básica do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais, sistema viario; con dúas clasificacións de solo diferentes, encontrándose unha porción da parcela, clasificada coma solo de núcleo rural pouco consolidado (SNR-C), artigo 135 do PXOM, e outra porción da parcela, clasificada coma solo rústico común (SRC).

Existe unha discrepancia entre os planos do PXOM a escala 1/5.000 e 1/2.000, na delimitación entre o solo rústico e o solo de núcleo rural, prevalecendo o indicado no plano de maior definición, neste caso o plano 8.41 a escala 1/2.000.

O artigo 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, exime de outorgamento de licenza de segregación cando a división da parcela sexa consecuencia do outorgamento polo planeamento urbanístico de distinta clasificación da parcela de orixe, nos seguintes termos:

“6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

[...] c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.”

O artigo 90 do PXOM, indica que nos casos de parcelas nos que concorran distintas cualificacións ou clasificacións de solo, terase en conta a que corresponda á ubicación do edificio, podendo computarse o resto do solo que presente distinta cualificación, se ben, quedará vinculado ao edificio.



Tendo todo isto en consideración, aos efectos do cumprimento das condicións urbanísticas, deberá tratarse esta parcela coma dúas parcelas independentes,

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza de Solo de Núcleo rural pouco consolidado, S.N.R.C., artigo 135 do PXOM:**

Comprende esta norma zonal aquelas áreas nas que existen indicios de residencia agraria e que co obxecto de que se integren no ámbito do núcleo rural existente, limítanse as súas posibilidades de desenvolvemento denso, podendo admitirse a súa edificación en baixa densidade de forma que non se poida xerar outro núcleo de poboación.

ÁMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración
- Ampliación
- Obra nova

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada. Manterase o tipo de edificación existente na contorna, non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

CONDICIÓN DA PARCELA

Parcela mínima: 800 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie, pero se permitirá computar aquelas partes da parcela que estivesen dentro de outro tipo de solo rústico. Non obstante a posición da edificación ficará enteiramente dentro da área desta norma zonal.

Fronte mínima: será de 10 m.

CONDICIÓN DE OCUPACIÓN

Posición: A posición da edificación ficará recuada.

Respecto aos lindeiros 3 metros, permitirase acaroar a lindeiros nos casos nos que exista edificación anterior á publicación desta normativa, ou ben, previo acordo cos colindantes esixindo documento que o acredite.



A aliñación serán as liñas de peche segundo a vía resultante de ordenación do sistema viario do termo municipal.

Ocupación máxima na parcela: A ocupación máxima será do 25% da parcela total e co límite de 200 m². construídos por planta.

CONDICIÓNS DE EDIFICABILIDADE.

Edificabilidade máxima: 0,35 m²/m².

ALTURA DE LA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Baixo + unha, permitíndose a utilización do baixo cuberta, computando edificabilidade todos aqueles especiais de altura superior a 1,50 m. Permítese ademais a construción de planta soto.

Altura máxima de cornisa: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 metros sobre o último forxado

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m.

No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,9 m, debendo ser acristalados nun 80% da súa superficie.

Balcóns: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,6 m.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación a partir de 30 m². Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saínte de cornisas e aleiros será de 0,3 metros.

Condicións ambientais e estéticas.

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Cerramentos exteriores e materiais.

A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico, sempre que estean pintados lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición das fachadas e ocos.

Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndanse que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural

A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo ficar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

Conservación das masas arbóreas

As edificacións da parcela tipo C, deberán conservar as masas arbóreas, permitíndose talar unicamente o espazo preciso para as edificacións de nova planta.

Aparcamentos

Exixirase a creación duna aparcamento, dentro do terreo da propia parcela, por cada vivenda, con acceso desde a vía rodada; podendo estar cuberto ou non.

- Solo Rústico

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicáraselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu apartado 35 “Usos e actividades en solo rústico”, indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.
- b) Muros de contención, así como valado de predios.
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- d) Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.



- p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
- q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
- r) Outros usos análogos que se determinen regramentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
- c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:
 - a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.
 - b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
 - c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.
 - d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
 - e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
- d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
 - a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).
 - b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e desfrute do dominio público marítimo-terrestre.
 - c. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
 - d. Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.



- e. Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
- f. As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arborado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

4. AFECCIÓN SECTORIAIS

A Parcela encóntrase dentro do ámbito de protección dun elemento catalogado, polo que deberá contar ca autorización do Servizo de Patrimonio Cultural para levar a cabo calquera actuación urbanística.

Encóntrase, así mesmo, encóntrase incluída dentro da área de mellora ambiental e paisaxística do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, polo que deberá axustarse ás prescricións do mesmo.

20.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Ana Belén Amado Reino

Visto o escrito presentado por **Ana Belén Amado Reino**, de data 18/05/2026, no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074AS02015440000UZ, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 21/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que
-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074AS02015440000UZ, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

21.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Fabio del Alisal Sánchez

Visto o escrito presentado por **Fabio del Alisal Sánchez**, de data 20/05/2026 (Rexistro de entrada nº 11.962), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3341407NH0134S0001PH, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 21/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3341407NH0134S0001PH, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

22.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan Moncada Vargas

Visto o escrito presentado por **Juan Moncada Vargas**, de data 20/05/2026 (Registro de entrada nº 11.953), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A009000130000KK, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 21/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A009000130000KK, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

23.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Rubén Campos Lourido

Visto o escrito presentado por **Rubén Campos Lourido**, de data 21/05/2026 (Registro de entrada nº 12.034), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 837602MH9087N0001AI, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 21/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 837602MH9087N0001AI, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.



24.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Ángeles Pena Rey

Visto o escrito presentado por **María Ángeles Pena Rey**, de data 25/05/2026 (Rexistro de entrada nº 12.219), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A940009790001ID, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 25/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A940009790001ID, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

25.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 21/05/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitude presentada por Antonio Manuel Teira Rivas, en nome do Centro Integrado de Formación Profesional de Coroso, sede electrónica núm. 2026 8283 de 09 de abril de 2026, interesando celebrar a Gala do 50 Aniversario da FP en Ribeira, para o que precisa o Auditorio Municipal de Ribeira o día 27 de xuño de 2026.

Manifesta que as persoas que asistirán ao acto serán 400.

Unha empresa especializada en eventos será quen de coordinar coa asistencia técnica.

Actuacións de oficio:

Aos efectos de garantir o bo desenvolvemento do acto, debendo coordinar necesidades técnicas así como planificar tanto o servizo de conserxería e de limpeza, foi requerido información á entidade designada polo organizador do evento, Mr. Turismo, determinando horarios e detalles da gala que son recibidos no enderezo de correo electrónico da área municipal de cultura (5 e 15 de maio de 2026).

Considerando que:

- O evento é organizado por un centro de ensino público de Ribeira.*
- Supón a conmemoración de medio século da súa labor formativa na procura da empleabilidade e promoción profesional e o compromiso co futuro.*

Conclusión:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición

- Instalacións municipais: Auditorio de Ribeira.
Sábado 27 de xuño de 2026 en horario de 8.00 a 14.00 h / 16.00 – 20.00h (montaxe, probas técnicas e ensaios), 20 h celebración da gala ata remate e saída.*
- Outros: atil.*



3. *Servizos de bedelía e limpeza.*
4. *Facilitar ó acceso de carga/descarga mediante autorización temporais aos vehículos da organización."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da Gala 50 Aniversario da FP en Ribeira.
- Por á disposición da entidade solicitante o Uso Temporal do Auditorio Municipal de Ribeira o sábado 27 de xuño de 2026 en horario de 8.00 a 14.00 h / 16.00 – 20.00 h (montaxe, probas técnicas e ensaios), 20 h celebración da gala ata remate e saída.
Outros: Atril.
Servizos de bedelía e limpeza.
Facilitar ó acceso de carga/descarga mediante autorización temporais aos vehículos da organización.
- Notificar o acordo á entidade solicitante xunto as Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓN DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Xestionar e abonar o coste do servizo técnico necesario na instalación. A asistencia técnica debe estar presente desde que comenza os preparativos do evento e ata que remata.
6. Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puideran corresponder das actuacións contidas na programación da festa.
7. Respetar os límites de capacidade.
8. Queda prohibida a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
9. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
10. Na a difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.
11. Comprometerse a cumprir as normas específicas do Uso do Auditorio (Anexo I), e en especial Non se permitirá obstaculizar os corredores do salón con ningún elemento. Os carritos de bebés non poderán entrar ao salón e ou polivalente debendo quedar na zona inferior do vestíbulo.



Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

ANEXO I-

NORMAS DE ACCESO AO AUDITORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA

- Non se poderá superar o límite da capacidade da sala en cumprimento da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Non se permite consumir alimentos ou bebidas.
- Está prohibido fumar en todo o recinto.
- Por normativa de evacuación, cada butaca correspóndese con un asistente, con independencia da idade (incluídos bebés).
- A fila 9 da sala principal está reservada para persoas con mobilidade reducida e/ou neurodiversidades que acrediten esa condición (a organización poderá solicitar o certificado correspondente e en caso de non cumprir coas condicións establecidas as entradas perderán a súa validez).
- Recoméndase respectar a idade indicada para cada espectáculo. En todo caso, os menores deben estar acompañados dun adulto.
- Con obxecto de cumprir a normativa de evacuación, non se permitirá o acceso á sala de carriños de bebés, bicicletas, patinetes e similares. Estes deberán deixarse nos lugares habilitados no vestíbulo de entrada do auditorio.
- A organización resérvase o dereito de reubicación das localidades por causa xustificada.
- Non está permitido tomar fotos ou gravar o espectáculo con calquera medio (cámara, móbil, tablet...) nin utilizar estes dispositivos durante o mesmo xa que molestan ao público e ás compañías.
- Prégase puntualidade. Unha vez comezado o espectáculo non estará permitido o acceso e as entradas perderán a súa validez.
- Debéase seguir en todo momento as indicacións do persoal da organización.
- Para acceder con paraugas ao salón de actos será obrigatorio o uso das fundas plásticas, que estarán a disposición do público no vestíbulo principal.

26.- ACHEGA CONCEDIDA A ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 18/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Antidroga Renacer, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento por parte da entidade "Campañas informativas e de sensibilización no ámbito da prevención durante o ano 2025".

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e autorizar o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Antidroga Renacer, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento por parte da entidade “Campañas informativas e de sensibilización no ámbito da prevención durante o ano 2025”; por importe de 3.400,00 €.

27.- ACHEGA CONCEDIDA A CRUZ VERMELLA DE RIBEIRA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 18/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Cruz Vermella de Ribeira, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento por parte da entidade “PROXECTO PROMOCIÓN DO EXITO ESCOLAR” durante o ano 2025”.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e autorizar o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Cruz Vermella de Ribeira, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento por parte da entidade “PROXECTO PROMOCIÓN DO EXITO ESCOLAR” durante o ano 2025”; por importe de 3.400,00 €.

28.- ACHEGA CONCEDIDA A ÁNGEL FROILÁN FERNÁNDEZ AROSA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 18/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Ángel Froilán Fernández Arosa, co obxecto de regular o apoio económico para afrontar os custes técnico e desprazamentos na práctica do trial.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



Aprobar a documentación xustificativa presentada e autorizar o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Ángel Froilán Fernández Arosa, co obxecto de regular o apoio económico para afrontar os custes técnico e desprazamentos na práctica do trial; por importe de 600,00 €.

29.- ACHEGA CONCEDIDA A CARLA SANDÁ FERNÁNDEZ (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 18/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Carla Sandá Fernández, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e autorizar o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Carla Sandá Fernández, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino; por importe de 200,00 €.

30.- ACHEGA CONCEDIDA A OUMKALMTOUM TIYIB SIAR (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 18/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Oumkaltoum Tiyib Siar, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e autorizar o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Oumkaltoum Tiyib Siar, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino; por importe de 200,00 €.



31.- ACHEGA CONCEDIDA A CARLA GARCÍA CAMPAÑA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 18/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Carla García Campaña, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e autorizar o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Carla García Campaña, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino; por importe de 200,00 €.

32.- ACHEGA CONCEDIDA A PATRICIA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 18/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Patricia Fernández González, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e autorizar o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Patricia Fernández González, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino; por importe de 200,00 €.



33.- ACHEGA CONCEDIDA A YAIZA GARCÍA PÉREZ (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 18/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Yaiza García Pérez, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e autorizar o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Yaiza García Pérez, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino; por importe de 300,00 €.

34.- ACHEGA CONCEDIDA A LAURA SANTOS REY (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 18/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Laura Santos Rey, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e autorizar o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Laura Santos Rey, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino; por importe de 200,00 €.



35.- ACHEGA CONCEDIDA A LUCÍA MARIÑO GONZÁLEZ (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 18/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Lucía Mariño González, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e autorizar o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Lucía Mariño González, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino; por importe de 300,00 €.

36.- ACHEGA CONCEDIDA A UXÍA SAMPEDRO PÉREZ (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 18/05/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Uxía Sampedro Pérez, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 20/05/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e autorizar o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Uxía Sampedro Pérez, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao fútbol feminino; por importe de 300,00 €.



37.- PROPOSTA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE PROXECTOS DESENVOLVIDOS NA ÁREA DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO EXERCICIO 2025

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 20/05/2026, relativa á xustificación e pagamento de subvencións para a promoción de proxectos desenvolvidos na área de actividades culturais no exercicio 2025, e na que expón:

“1.- Aprobado as achegas para a promoción de proxectos desenvolvidos na área de actividades culturais, exercicio 2025, en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 26 de febreiro de 2026 conforme a Ordenanza reguladora das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm.100 de data 29/05/2018 e extracto da convocatoria publicado no BOP núm. 217 de data 12/11/2025.

2.- Á vista da documentación xustificativa presentada e obrante no expediente das entidades beneficiarias desta convocatoria, a Comisión Avaliadora emite Informe do cumprimento da finalidade e proposta de pagamento da subvención que é asinado na data que consta na sinatura dixital de 19 de maio de 2026.

3.- Á vista do Informe Favorable do Sr. Interventor Municipal, Pablo Bao Castro asinado na data 20 de maio de 2026.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar o cumprimento das actividades subvencionadas e proceder ao pagamento da subvención correspondente aos beneficiarios destas axudas.

38.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez (ALOHA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez** en representación establecemento **“Bar Aloha”** (Ribeira), de data 22/05/2026 (Rexistro de entrada nº 12.117), nos que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro **“Bar Aloha”** (Ribeira), o día 06/06/2026, en horario de 22:00 h. a 24:00 h.

39.- AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE FÁTIMA (OLEIROS)

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Festexos, Mar e e Promoción do Litoral, Fernando Abrales Pérez, de data 20/05/2026, relativa á autorización para a celebración das Festas de Fátima (Oleiros), e na que expón:

“Recíbese solicitude presentada por Sandra Rodríguez Casais, en representación da Asociación Cultural Festexos e Deportes Virxen de Fátima, sede electrónica 2026 11883 de data 20 de maio de 2026, interesado celebrar as Festas de Fátima en Oleiros os días 12, 13 e 14 de xuño de 2026.



Detalla actividades diarias da programación, entre as que figuran actuacións musicais a cargo da orquestra Alabama, Grupo La Fábula, Os Mariachis Galicia e sesións de disco móbil dos DJ Planet, Jalaiko, Mateo Abelleira e Javi Machito; Alboradas e pasarrúas con grupos de música tradicional; Sesión infantil de inchables; Actos relixiosos na honra de San Antonio e en memoria dun membro da comisión, Cándido Castro Sobrido, ao remate haberá un picoteo.

Que botarán durante os tres días bombas de palenque e contan cunha sesión de fogos de artificio a noite do sábado ao domingo (1.00 h am).

Que o lugar das festas será na Praza do Centro Social de Oleiros, Adro da Igrexa parroquial de Oleiros.

Achega cartel anunciador do Programa da Festa.

A solicitude inclúe as seguintes peticións:

- Autorización para celebrar as Festas de Fátima en Oleiros no calendario sinalado co horario de ata ás 6.00 h am.
- Uso temporal das instalacións do Centro Social para organizar as actividades.
- Os inchables municipais para celebrar a festa infantil.
- Limpeza do entorno, Centro Social-Cultural e Adro da Igrexa, con especial atención no Parque do Cruceiro que precisan ser baldeados (camión basoira). Acompaña imaxe gráfica do servizo así como dos residuos provocados en festas anteriores.
- Reforzo de contenedores, cun mínimo de 6 adicionais e destacando os de residuos plásticos.
- Aumentar a vixilancia policial nocturna os días 12 e 13 de xuño de 3 a 4 h am.
- Disposición de valado e sinais: 2 verticais de dirección prohibida, prohibido o paso, agás residentes e persoal autorizado, e 10 vallas para pechar a praza do Centro Social.

Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á **Lei 10/2017, do 27 de decembro**, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o **Decreto 226/2022**, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:

Obrigas da entidade organizadora.

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha **póliza de responsabilidade civil en vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.

2. Proxecto técnico e responsabilidade.

- Presentar un **proxecto técnico asinado por persoa competente**, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
- Acreditar quen asumirá a **responsabilidade técnica da execución**, mediante documento asinado.
- Presentar unha **certificación final de adecuación** emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións.

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - **Certificado técnico de montaxe.**
 - **Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.**
 - **Taxas de ocupación de vía pública, se corresponde.**

5. Electricidade e xeradores.



- Presentar **boletíns eléctricos** das instalacións temporais segundo a **Instrución 2/2018** da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- En caso de usar **xerador**, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio.

- Solicitar autorización para **fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume**, se se prevé o seu uso.
- Cumprir coa normativa sobre **prevención de incendios forestais**.
- **Asumir a responsabilidade polos danos** ou incendios que se poidan producir.

6. Dereitos de autor.

- Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puideran corresponder das actuacións contidas na programación da festa.

7. Outras autorización.

- Obter calquera **autorización adicional doutras administracións públicas** ou entidades privadas, se fose necesaria.

Colaboración municipal prevista.

Concello de Ribeira, dentro das súas competencias comprométese a:

- **Autorizar** a celebración da Festa de Fátima os días 12, 13 e 14 de xuño de 2026 no entorno ao Centro Social e Cultural e Adro da Igrexa parroquial de Oleiros.
- **Establecer un horario límite de actividade** ata as 4:00 h na madrugada do sábado ao domingo e do domingo ao luns ás 24.00 horas deste día (14 de xuño de 2026).
- Prestar **apoio loxístico e operativo**, incluíndo:
 - **Uso Temporal do Centro Social Cultural de Oleiros como apoio loxístico respectando e sen interrompirlas as actividades que se celebran o 12 de xuño (baile tradicional de 16.30-19.45 h).**
 - **Reforzo de servizo de limpeza con maior atención no entorno do Centro Social Cultural e Adro da Igrexa así como disposición de 6 contenedores de residuos sólidos (principalmente de plásticos).**
 - **Ordenación do tráfico, sinais e valado segundo disponibilidad.**
 - **Apoio da Policía Local durante o celebración das actuacións musicais, verbenas e/ou disco móbil, así como accesos e saídas que garanten a seguridade cidadá, orden público e seguridade vial.**
- **Inchables.** O Concello de Ribeira na actualidade carece de inchables polo que non resulta posible atender favorablemente esta petición.

Lembranza final

A entidade organizadora é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a celebración da Festa de Fátima os días 12, 13 e 14 de xuño de 2026 no entorno ao Centro Social e Cultural e Adro da Igrexa parroquial de Oleiros.
- **Establecer un horario límite de actividade** ata as 4:00 h na madrugada do sábado ao domingo e do domingo ao luns ás 24.00 horas deste día (14 de xuño de 2026).



- Prestar **apoio loxístico e operativo**, incluíndo:
 - **Dispor do Uso Temporal, e en precario, das instalacións do Centro Social e Cultural de Oleiros destinado á organización da festa, días 12 ao 14 de xuño de 2026, sen interrompirla os ensaios de música-baile tradicional que se celebran os venres de 16.30 a 19.45 horas.**
As condicións de uso e desenvolvemento de cada actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante.
Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
 - **Reforzo de servizo de limpeza con maior atención no entorno do Centro Social Cultura e Adro da Igrexa así como disposición de 6 contenedores de residuos sólidos (principalmente de plásticos).**
 - **Ordenación do tráfico, sinais e valado segundo disponibilidad.**
 - **Apoio da Policía Local durante o celebración das actuacións musicais, verbenas e/ou disco móbil, así como accesos e saídas que garanten a seguridade cidadá, orden público e seguridade vial.**

Comunicar á entidade organizadora que:

- Concello de Ribeira carece de inchables polo que non resulta posible atender favorablemente esta petición.
- Deberá cumprir o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.

Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento entre os que figura Limpeza viaria, Policía Local e GAEM.

40.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS E NORMAS DE ADMISIÓN PARA O SERVIZO RIBEIRA CONCILIA 2026

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 21/05/2026, relativa á aprobación de prezos públicos e normas de admisión para o Servizo Ribeira Concilia 2026.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, e o Tesoureiro Municipal, Félix Manuel Carrasco del Pozo, de data 25/05/2026

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



1. Aprobar o inicio de actividade RIBEIRA CONCILIA -VERAN 2026.
2. Aprobar os prazos de preinscrición e matrícula.
3. Aprobar a normativa de admisión.
4. Aprobar os prezos públicos sinalados e da bonificación do 20% na matrícula para os colectivos indicados, a reserva do 10% das prazas para emerxencia social, así como procedemento de realización do pagamento.

41.- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA GASTRONÓMICA “THE BURGUER TOP”

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Promoción Económica, Carmen Pérez Gómez, de data 26/05/2026, relativa á autorización para a celebración da feira gastronómica “The Burger Top”, na que expón:

“Que a empresa CULTURINVEST, S.L. CIF B94189578 solicita autorización para celebrar A Feira Gastronómica “THE BURGUER TOP” do 4 ao 7 de xuño , por isto, solicitan ao concello na data 19/05/2026 con Nº de rexistro REGAGE26e00047741946, solicitando:

Autorización para levar a cabo Feira Gastronómica “THE BURGUER TOP” do 4 ao 7 de xuño na Praza de España de Ribeira para dispoñer de diversas foodtrucks que elaboran hamburguesas.

O evento consiste nunha competición de restaurantes (un Food Truck por restaurante) coas mellores hamburguesas do país.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a realización da Feira Gastronómica “THE BURGUER TOP” na Praza de España de Ribeira do 4 ao 7 de xuño, sempre e cando se realice o pago das taxas da ocupación da vía pública antes de comezar o evento.
- Todos os fornecementos/necesidades de auga, desagüe e electricidade, contenedores de lixo de apoio correrán por conta do promotor do evento, incluída a xestión e a tramitación coas empresas subministradoras competentes. Asímesmo, **deberá proceder á limpeza do espazo público unha vez rematado o evento, deixándoo en perfectas condicións.**
- O Concello poderá prestar apoio na divulgación do evento polas mesmas canles que o fai habitualmente; como é a través da páxina web municipal e das redes sociais, sempre e cando a empresa facilite o cartaz do evento ao gabinete de prensa do Concello.
- A empresa deberá, con antelación, coordinarse coa policía local para a montaxe e desmontaxe das estruturas (carpas, stands, foodtrucks, entre outros).
- Dar traslado deste acordo ao interesado e á Policía Local de Ribeira para o seu coñecemento.



42.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DA “FEIRA DE ARTESANÍA” – Madeira e Ferro, S.C.

Queda sobre a mesa pendente de coordinar datas a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 26/05/2026, relativa á solicitude de autorización da “Feira de Artesanía”.

43.- CONCESIÓN LICENZA PARA ARMAS TIPO PISTOLA – Francisco Crujeiras Martínez

VISTA a solicitude presentada por **Francisco Crujeiras Martínez**, DNI ***386***, e domicilio en Rúa Portonovo 13, Castiñeiras – Ribeira (A Coruña) para a obtención de licenza de “arma tipo pistola” 4ª categoría das características que se relacionan a continuación:

CONSIDERANDO que o **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas (RA)** define no seu **artigo 2.2** as armas de aire ou outro gas comprimido como aquelas armas que utilizan como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.

CONSIDERANDO que conforme ao **artigo 3** as armas para as que solicítase licenza no presente expediente considérase de **4ª categoría**, podéndose englobar nun dos supostos seguintes (concretamente no 1º)

1. Carabinas e pistolas, de tiro semiautomático e de repetición; e revólveres de dobre acción, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.
2. Carabinas e pistolas, de ánima lisa ou raiada, e dun só tiro, e revólveres de acción simple, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.

CONSIDERANDO que pola súa banda, o **artigo 54.3 RA** determina que:

“As armas da categoría 4ª poderánse adquirir e ter no propio domicilio, sen outro trámite que a declaración da venda, a clase de armas e os datos de identidade do adquirente ao Alcalde do municipio da residencia deste e á Intervención de Armas da Garda Civil”.

CONSIDERANDO que ademáis do anterior, o **105RA** fala das **tarxetas de armas**. Concretamente establece que:

1. Para poder levar e usar as armas da categoría 4ª fóra do domicilio haberán de estar documentadas singularmente, mediante tarxetas de armas, que as acompañarán en todo caso.

As tarxetas de armas serán concedidas e retiradas, no seu caso, polos Alcaldes dos municipios en que se atopen vecindados ou residindo os solicitantes, previa consideración da conduta e antecedentes dos mesmos. A súa validez quedará limitada aos respectivos términos municipais.

2. As armas incluídas na categoría 4ª,2, pódense documentar en número ilimitado con tarxeta B, cuxa validez será permanente.
Das comprendidas na categoría 4ª,1, soamente poderanse documentar seis armas con tarxetas A cuxa validez será de cinco anos.



3. No entanto, a autoridade municipal poderá limitar ou reducir, tanto o número de armas que pode posuír cada interesado como o tempo de validez das tarxetas, tendo en conta as circunstancias locais e persoais que concorran.
4. Os solicitantes da tarxeta A deberán acreditar cumprir catorce anos de idade, a cuxo efecto haberán de presentar documento nacional de indentidade ou documentos equivalentes en vigor.
5. A tarxeta de armas se expedirá en impreso, que confeccionará a Dirección Xeral da Garda Civil. En cada impreso poderanse apuntar ata seis armas. Cando se trate de tarxetas B e o número de armas exceda de seis, o interesado poderá ser titular de máis dunha tarxeta.
6. Do impreso destinarase un exemplar ao interesado; o segundo será remitido pola Alcaldía á Intervención de Armas.

ACREDITADO que no expediente consta, ademáis da tarxeta de identificación do interesado, certificado favorable de antecedentes penais de data 25 de maio de 2026, exámen psicotécnico de data 24 de abril de 2026 e factura da pistola para a que solicita licenza.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por delegación da Alcaldía, **ACORDA** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Conceder a **D. Francisco Crujeiras Martínez**, licenza para a arma carabina, **tipo 4**, que se relaciona a continuación:

"Pistola Wingun M84 323 Archer Beretta M-84 Metal Negro – Calibre 4,5 mm – CO2 - Categoría 4 (Nº SERIE: 23C008609)"

Segundo:-Notificar o presente acordo ao interesado para a súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro:-Comunicar o presente acordo á Policía Local, así como á Garda Civil, aos efectos previstos no **artigo 54.3 do Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas.**

44.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN PARA O CURSO 2026-2027

Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio**, de data 27/05/2026, na que solicita a aprobación da convocatoria de axudas á escolarización para o próximo curso 2026-2027.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 27/05/2026.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



a) Aprobar a convocatoria das axudas á escolarización para o curso académico 2026-2027, segundo as bases que constan no expediente e segundo a seguinte táboa orzamentaria:

Partida orzamentaria:	TOTAL	Contia anual de comedores por curso	64.000 €
231A-48025	COMEDORES ESCOLARES	19.090,91 € anualidade 2026	57.000 €
		37.909,09 € anualidade 2027	
	ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR (2º ciclo de E.Infantil)		4.000€
	ADQUISICIÓN DE MATERIAL INFORMÁTICO (Educación Secundaria)		3.000€

b) Que se proceda á súa publicación nos boletíns oficiais que correspondan.

45.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Jasmín González Gutiérrez (2)

Visto o escrito presentado por **Jasmín González Gutiérrez**, de data 27/05/2026 (Registro de entrada nº 12.538), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Bebidas espirituosas – 6,00 m. x 2,00 m.), o día 29/05/2026, durante a celebración da Festa da Xuventude.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Jasmín González Gutiérrez** para a instalación dun posto de venda ambulante (Bebidas espirituosas – 6,00 m. x 2,00 m.), o día 29/05/2026, durante a celebración da Festa da Xuventude.
- Antes do inicio da actividade deberá proceder ao pago das correspondentes taxas municipais.**
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



46.- SOLICITUDE OCUPACIÓN TEMPORAL DE VÍA PÚBLICA – Ismael Pérez Pego

Visto o escrito presentado por **Ismael Pérez Pego**, de data 27/05/2026 (Registro de entrada nº 12.527), no que solicita autorización para ocupación temporal de vía pública o día 30/05/2026 para a celebración dunha churrascada (Parrilla portátil), diante do establecemento “El Barrio” (Ximnasio), co motivo dun evento deportivo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dunha churrascada (Parrilla portátil), diante do establecemento “El Barrio” (Ximnasio), co motivo dun evento deportivo.
- Deberán gardar as correspondentes medidas de seguridade tanto para participantes como para peóns.
- Deberán deixar o espazo público en perfectas condicións de limpeza unha vez rematado o evento.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

47.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA PORTÁTIL EXTERIOR – Alejandro Ayaso Pérez

Visto o escrito presentado por **Alejandro Ayaso Pérez**, de data 28/05/2027 (Registro de entrada nº 12.590), no que solicita autorización para a instalación dunha barra portátil exterior de bebidas, o día 29/05/2026, na Praza de España (Ribeira), co motivo da celebración do evento “Fálame así, cántame así”.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra portátil exterior de bebidas, o día 29/05/2026, na Praza de España (Ribeira), co motivo da celebración do evento “Fálame así, cántame así”.
- Unha vez rematada o evento deberá deixar o espazo completamente limpo.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta da instalación.
- Non se autoriza a instalación de autofalantes.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:35 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

